

# Évariste Galois

## (Bourg-la-Reine, 1811-París, 1832)



Matemático francés, morto nun duelo con apenas 21 anos.

Mentres aínda era adolescente, foi capaz de determinar a condición necesaria e suficiente para que un polinomio sexa resolto por radicais, solucionando un problema que permanecera séculos sen resolver.

O seu traballo ofreceu as bases fundamentais para a teoría que leva o seu nome, unha rama principal da Álgebra abstracta.

Foi o primeiro en utilizar o termo «grupo» nun contexto matemático.

A súa teoría constitúe unha das bases matemáticas da modulación CDMA utilizada en comunicacións e, especialmente, nos sistemas de navegación por satélite, como GPS, GLONASS etc.

O nacemento da teoría de Galois estivo motivada polo intento de responder a seguinte cuestión: «Por que non existe unha fórmula para resolver ecuacións polinómicas de quinto grao (ou superior) en termos dos coeficientes do polinomio, usando operacións alxébricas (suma, resta, multiplicación, división) e a extracción de raíces (raíces cadradas, cúbicas, etc.), tal como existe para as ecuacións de segundo, terceiro e cuarto grao?»